



**Concello de Mugardos**  
(A Coruña)

**ANUNCIO**

Advertida a omisión no anuncio publicado con data 24 de agosto de 2022 do criterio adoptado pola Comisión e Baremación para dirimir os posibles casos de desempate ante a falta de previsión no Regulamento aplicable, e a existencia dun erro na listaxe de criterios de baremación por non recoller a puntuación correspondente ao alumnado membro de familias numerosas ou cunha discapacidade igual ou superior ao 33%, por medio da presente procédese a súa emenda sen que a presente publicación complementaria supoña ampliación do prazo común de emenda para as persoas excluídas provisionalmente nin para a presentación de reclamacións, e así:

**Primeiro.-** Para dirimir posibles empates na puntuación acadada polas persoas solicitantes, acudirase á aplicación do primeiro dos criterios de baremación contemplados no Regulamento, en función da condición de empadroad/a da persoa solicitante. De persistir o empate, levarase a cabo público sorteo no día, hora e lugar que se indicará con motivo da publicación da listaxe definitiva.

**Segundo.-** Lémbrense novamente os criterios de baremación contemplados no Regulamento:

A	Solicitantes empadroados/as en Mugardos	5 puntos
B	Familias, que sen estar empadroadas, teñen o seu posto de traballo en Mugardos	
	Nai	2 puntos
	Pai	2 puntos
C	Alumnado en situación económica desfavorable, con informe técnico de servizos sociais	4 puntos
D	Alumnado fillos/as de traballadores/as con incompatibilidade demostrada dos seus horarios laborais con horarios escolares de entrada e/ou saída do seu fillo/a	3 puntos
E	Familia monoparental	3 puntos
F	Alumnado usuario/a do servizo de comedor escolar no curso anterior	2 puntos
G	Usuarios/as con irmás ou irmáns usuarios/as do comedor	2 puntos
H	Alumnado membro de familias numerosas ou cunha discapacidade igual ou superior ao 33%	1 puntos

Para os efectos meramente informativos para as persoas que deben emendar as deficiencias sinaladas nos Anexos I e II publicados con data 24 de agosto de 2022, xantar e almorzo, as letras “E/A” que aparecen na derradeira columna do Anexo II XANTAR, se corresponden con “E”=Excluída/o e “A”=Admitida/o, e nos “Anexo I ALMORZO CEIP Unión Mugardesa” e “ANEXO IIALMORZO CEIP Santiago Apóstolo” as solicitudes que aparecen con algunha “Documentación PENDENTE” corresponden a aquelas persoas que se atopan excluídas de xeito provisional.

Avda. de Galicia, 45. Tfnos.981470338-981470290-981471701 Fax.981472017- 15620 Mugardos  
C.I.F. P1505200D - R.E.L.G. Núm. MU2000/4





**Concello de Mugardos**  
(A Coruña)

Mugardos, á data da sinatura electrónica á marxe.

A Alcaldesa accidental,  
(Delegación RA n.º 2022-0744 de 03.08.2022)

Ana María Varela Bastida

